

Carlos Labraña presenta 'O carteiro de Ximaraos': "Hai que manter vínculos entre xeracións porque podemos aprender moito das persoas maiores"

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) presenta *O carteiro de Ximaraos* (Xerais, 2025), unha entrañábel obra dramática con marabillosas ilustracións de Luz Beloso que explora temas sociais tan relevantes como o alzhéimer, os coidados, as relacións entre xeracións e a importancia das persoas maiores na sociedade.

Sergio Casal

13 de novembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/carlos-labrana-presenta-carteiro-ximaraos/20251113195839239537.html>

—Que o inspirou para crear a relación entre Xoán e o seu avó en *O carteiro de Ximaraos*?

Esta é a miña obra máis persoal, porque hai moitos elementos autobiográficos nela. A obra vai da enfermidade de alzhéimer do avó de Xoán. No libro reflicto, por un lado, a enfermidade que tivo a miña nai e as diferentes fases da mesma e, por outro, a historia do meu pai, que traballaba en Correos en Cedeira (Ferrolterra). A conexión entre Xoán e seu avó é moi forte e reflicte un pouco a que tiña eu co meu pai.

—Como traballa o tema da doenza e o coidado familiar nun texto teatral dirixido á mocidade?

Na miña escrita toco temas moi delicados porque penso que á rapazada se lle pode falar de todo, con moita sensibilidade e poesía, pero pódese falar de todo. Elas e eles son moito máis intelixentes do que poden pensar os adultos e son conscientes do que sucede ao seu arredor. Neste caso en concreto, introducín o tema e a figura da coidadora porque me parecía moi importante e, a día de hoxe, aínda recae nas familias, especialmente nas mulleres.

—As cartas sen entregar son un símbolo poderoso: que representan para vostede?

Son historias inconclusas. Historias que se esquecen. Todos, dentro de nós, levamos moitas historias que, ao morrer, desaparecen. Con esta obra e coas cartas sen entregar intento facer que, dalgunha maneira, esas historias non se perdan. De pequeno, polo oficio do meu pai, acostumeime a pasar moitas tardes entre sacos de cartas e postais. Teño unha relación moi importante coas cartas. Hai anos, as cartas eran moi relevantes na vida das persoas e enviar e recibir correo postal era todo un evento: con primos, amigos, coñecidos... Tanto as cartas como as postais gardábanse como tesouros.

—Hai tenrura na obra. Necesitamos máis conexión entre as xeracións?

Por suposto. Estase falando moito do "idadismo" nestes días, é dicir, de apartar a xente maior da sociedade. Hai anos, non só había un gran respecto polos maiores, senón que tiñan un montón de importancia por todas as historias e coñecementos que compartían con nós. Agora, ao mellor iso estase perdendo, porque a xente métese nas aplicacións e ten de todo.

A min sempre me gustou desde pequeno pasar tempo escoitando os maiores e as súas historias, porque sabían moito. Penso que é fundamental que se manteñan os vínculos entre xeracións porque podemos aprender moito das persoas maiores. Da vida, da educación e de absolutamente todo.

—Desde a perspectiva da súa ampla traxectoria no eido, que ferramentas ten o teatro infantil como canle de expresión?

O teatro é un xénero esencial porque non só queda na escrita, senón que pode ter unha representación, que é algo máis vívido. Pode transmitir emocións dun modo máis inmediato e crea un universo que imita o que é a vida.

A nivel da rapazada e das crianzas, é un xénero moi doado para que accedan. Ten menos texto, frases curtas, intervencións rápidas e incluso pódese compartir a través da lectura en voz alta. Son textos para compartir, xa sexa a través da lectura ou da propia representación no escenario.